




Situacións de aprendizaxe

Fagamos da paz algo viral

1 e 2 ESO





Fagamos da paz algo viral é unha proposta educativa desenvolvida por © ONGD SED 2026. Este material está baixo licencia Creative Commons CC BY-NC-ND 4.0.

Elaborado por: comisión de ETCG de ONGD SED integrada por Ana Martín Bautista, Cristian Gómez Martín, Florencia Agustina Bulacio Vaira, Izaskun Adot Larumbe e Tania Díaz Basurdo, co apoio da coordinadora de proxectos, Ana Fernández Moya e Beatriz de la Banda Velázquez, membro da comisión permanente.

Revisión técnica por: Nuria Salvatierra Villada, Jesús Rojas Aguilar, Rocío Rodríguez Rueda, Esther Lechado Hurtado, Coral de la Camara García, Teresa Rodríguez Pérez de Ayala, Isabel de la Cruz Sierra, Agnola Soler Ortiz, Inmaculada LLacer Moreno Aurioles, M.^a del Carmen Millán Herrera, equipo docente do Colexio Marista de Sevilla.

Deseños de: Zootropo Studio.

Maquetación por: Victoria Daima, responsábel de Comunicación de ONGD SED.



SdA 1: “O que non ves en redes: desmontando o odio dixital”

Contexto

O ODS 16: Paz, Xustiza e Institucións Sólidas promove a construción de sociedades pacíficas, inclusivas e seguras, onde todas as persoas poidan vivir libres de violencia, discriminación e exclusión. Este obxectivo non se limita aos conflitos armados ou á violencia física, senón que abrangue tamén as formas de violencia cotiás, moitas das cales se manifestan hoxe na contorna dixital.

Na actualidade, as redes sociais convertéronse en espazos clave de socialización para a infancia e a adolescencia. Con todo, estas contornas non son neutras. Tal e como se recolle no documento base, asistimos a unha “dixitalización da intolerancia”, onde os discursos de odio difúndense con gran rapidez debido ao funcionamento dos algoritmos, que priorizan contidos emocionais, polémicos ou conflictivos. Isto provoca que mensaxes baseadas no rexeitamento, a mofa ou a deshumanización do “outro” teñan unha maior visibilidade e capacidade de impacto.

Neste contexto, o alumnado expónse de forma habitual a mensaxes que reproducen distintas formas de violencia estrutural:

- Racismo e xenofobia, cara a persoas doutras culturas ou países
- Machismo, que perpetúa desigualdades de xénero
- Discriminación relixiosa ou cultural
- Rexeitamento cara á diversidade (LGTBI+, corporal, social, etc.).

Estes discursos non só afectan ás persoas directamente implicadas, senón que inflúen na percepción da realidade do conxunto do alumnado, normalizando actitudes de exclusión, mofa ou desprezo. Ademais, como sinala o documento, estes fenómenos dixitais teñen un impacto directo no ámbito escolar, onde o odio se traduce en situacións de acoso, illamento ou conflito entre iguais.



Desde a perspectiva do ODS 16, esta realidade supón unha vulneración clara de dereitos fundamentais:

- O dereito á dignidade
- O dereito á igualdade
- O dereito a vivir en contornas seguras
- O dereito a unha educación libre de violencia.

Ao mesmo tempo, o propio ODS 16 formula unha clave fundamental: a construción dunha cultura de paz, entendida non como a ausencia de conflito, senón como a capacidade de xestionar as diferenzas desde o respecto, a empatía e a xustiza social. Tal e como recolle o documento base, o conflito é inherente ás relacións humanas, pero a violencia non é inevitable: pode transformarse mediante o diálogo, a comunicación e a cooperación.

Neste sentido, a contorna dixital convértese nun espazo educativo prioritario, onde o alumnado non só consome información, senón que tamén participa activamente a través de comentarios, reaccións e contidos. Cada interacción dixital é unha forma de participación cidadá que pode contribuír a reforzar o odio ou, polo contrario, a construír convivencia.

Esta situación de aprendizaxe plantéxase, por tanto, como unha oportunidade para que o alumnado:

- Comprenda o impacto real dos discursos de odio.
- Desenvolva pensamento crítico fronte a eles.
- Recoñeza o seu papel activo na contorna dixital.
- Aprenda a responder desde unha lóxica de cultura de paz.

Marco teórico




Conceptos clave

- Discurso de odio
- Ciberacoso
- Facer viral
- Algoritmos
- Cultura de paz
- Diversidade
- Dereitos humanos e dixitais
- Cidadanía dixital

Preguntas guía

- Todo o que se di en redes é só unha opinión?
- Que diferenza hai entre conflito e violencia?
- Como afectan as mensaxes de odio ás persoas?
- Por que se difunden tan rápido estas mensaxes?
- Que podemos facer nós ante estas situacións?



Obxectivos




Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumnado non só identifique o problema, senón que desenvolva ferramentas para actuar fronte a el. O alumnado será capaz de:

- Identificar discursos de odio en redes sociais, recoñecendo distintas formas de discriminación.
- Comprender como a contorna dixital favorece a súa difusión (facen virais, anonimato, algoritmos).
- Analizar o impacto emocional e social destas mensaxes nas persoas.
- Desenvolver pensamento crítico fronte aos contidos dixitais.
- Aplicar estratexias de comunicación non violenta.
- Valorar a diversidade como base da convivencia.
- Asumir un papel activo como axente de cultura de paz.

Elementos curriculares

Competencias clave:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender
- Competencia cidadá



Saberes básicos:

- Convivencia e resolución de conflitos
- Igualdade e diversidade
- Uso responsable de redes sociais
- Dereitos humanos

Dinámica 1: “O que hai detrás da mensaxe”

Descrición narrativa

Nesta primeira actividade, o alumnado introdúcese na análise crítica dos discursos de odio presentes en redes sociais. A partir de exemplos próximos á súa realidade, preténdese que comprendan que estas mensaxes non son simples opinións, senón formas de violencia que teñen impacto real nas persoas e na convivencia.

A actividade busca desenvolver o pensamento crítico, a empatía e a capacidade de identificar prexuízos e estereotipos. Ademais, permite traballar a comprensión da contorna dixital como espazo de participación onde cada mensaxe ten consecuencias.

Pónse especial énfase en recoñecer como se constrúen estes discursos (emocións, xeneralizacións, anonimato) e por que se difunden con tanta facilidade, conectando coa idea de que o conflito é natural, pero a violencia non o é.

Recursos necesarios

- Capturas simuladas de redes sociais (comentarios, memes, publicacións adaptadas).
- Ficha de análise guiada.
- Encerado ou mural para posta en común.

Explicación en fases

Inicio

O profesorado presenta varias mensaxes con contido discriminatorio ou de odio (adaptadas á idade do alumnado). Lánzase unha pregunta xeradora: “Isto é só unha opinión ou pode facer dano?”. Realízase unha breve choiva de ideas para recoller percepcións iniciais sen xulgar nin corrixir neste momento.

Desenvolvemento

O alumnado organízase en pequenos grupos e analiza unha ou dúas mensaxes utilizando unha ficha estruturada que os guía na reflexión.

Posteriormente, cada grupo identifica os estereotipos ou prexuízos presentes na mensaxe e reflexiona sobre a súa relación con situacións reais da contorna escolar ou social.

Mensaxes de odio

SHARE

*A culpa foi dela por
como ía vestida.*



*Fóra do noso país, aquí
non pintades nada.*



*Que noxo dás, mírate ao
espello.*



*Son uns folgazáns que
viven do conto.*



*Imos facerlle un meme
para rirnos dela.*



*Non lle faledes que é un
bicho raro.*



*Etiqueta á persoa máis
gay que coñezas.*



*Ningún te quere aquí,
mórrete.*



*Non hai MENAS, todo
homes maiores de idade,
nin unha muller nin nenos.*



Ficha de análise

Que di a mensaxe?

A quen vai dirixida?

Que tipo de discriminación aparece?

Algunha vez viches algunha mensaxe así? Podes pór algún exemplo a continuación?

● Que emocións pode xerar na persoa que a recibe?

Por que cres que alguén escribiría isto?

Por que podería difundirse rapidamente?

Peché

Realízase unha posta en común onde os grupos comparten as súas conclusións. O profesorado guía a síntese cara a ideas clave:

- As mensaxes en redes teñen consecuencias reais
- Non todo é “liberdade de expresión”
- O odio dixital é unha forma de violencia.

Introdúcese o concepto de discurso de odio e a súa relación coa convivencia e o ODS 16.

Dinámica 2: “Responder para transformar: construír mensaxes de paz”



Nesta segunda actividade, o alumnado dá un paso máis alá da análise para se situar como axente activo fronte ao odio dixital. A partir das mensaxes traballadas previamente, propónse transformar eses discursos mediante respostas baseadas no respecto, a empatía e a comunicación non violenta.

O obxectivo é que o alumnado comprenda que non só pode evitar reproducir o odio, senón que tamén pode intervir de xeito construtivo no contorno dixital. Trabállanse habilidades como a xestión emocional, a comunicación asertiva e a responsabilidade na participación en redes.

A actividade reforza a idea de que a cultura de paz implica actuar, non só reflexionar, e que cada persoa ten capacidade para influír na súa contorna.

Recursos necesarios

- Mensaxes analizadas na actividade anterior.
- Plantilla sinxela de Comunicación Non Violenta.
- Cartolinas ou ferramentas dixitais para a creación de mensaxes de paz.
- Opcional: propónse que, como peche, ademais dunha posta en común, se tome unha foto grupal cos carteis e/ou materiais xerados polo alumnado ou se realice un vídeo onde cada grupo comparta as súas mensaxes de paz. Recoméndase a utilización do cancelo #FagamosdaPazalgoViral e/ou a utilización do cartel de campaña.

Explicación en fases

Inicio

Retómanse algunhas das mensaxes analizadas na dinámica anterior.

O profesorado formula a pregunta: “Se ves esta mensaxe en redes, que podes facer?”

Recóllense respostas habituais (ignorar, contestar mal, compartir, rir...), visibilizando diferentes formas de reacción.

A continuación, introdúcese a idea de responder desde a cultura de paz como alternativa.

Desenvolvemento

Explícase de forma sinxela o modelo de Comunicación Non Violenta:

- 1.Describir o que ocorre (sen xulgar).
- 2.Expresar como me fai sentir.
- 3.Identificar que é importante (respecto, igualdade...).
- 4.Propor unha alternativa ou petición.

O alumnado, en grupos, transforma a mensaxe orixinal en:

- a) Unha resposta respectuosa
- b) Unha mensaxe alternativa positiva
- c) Unha “contra mensaxe” que promova a diversidade


Opcionalmente, poden:

- 1.Representar a situación mediante un xogo de rol (role-play)
- 2.Deseñar unha pequena mensaxe para redes baixo o cancelo “#FagamosdaPazalgoViral”.

Cada grupo presenta a súa proposta ao resto da clase. Realízase unha reflexión final guiada:

- É doado responder sen reproducir o odio?
- Que impacto poden ter estas respostas?
- Que tipo de redes queremos construír?

Refórzase a idea clave de como cada persoa pode ser axente de cambio no contorno dixital.



Modelo de Comunicación Non Violenta



A

ABRE OS OLLOS

Ao momento de enfrontarte a un discurso de odio, debes deterte e pensar:

Que quere dicir este contido?
É información ou é opinión?
Esta mensaxe ataca ou estigmatiza a unha persoa ou grupo de persoas?



B

BUSCA DIFERENTES FONTES

Non te quedes só cunha mirada, busca outras fontes:

De onde vén a mensaxe? Teño toda a información ou o contido está editado e só se amosa unha parte do relato? Existen outras opinións ao respecto?



C

COMPARTE PAZ

Non compartas odio, viraliza mensaxes de paz:

Que contidos me interesan e aportan unha mirada positiva e crítica do mundo? Que mensaxes podoo construír para dar a coñecer a miña opinión, respectando a da outra persoa?

Como **participantes activos/as no contorno dixital e no mundo real**, ante unha mensaxe de odio debemos:

1

Descibir o que ocorre (sen vulgar) e expresar como me fai sentir.

2

Identificar que é importante: o respecto, a igualdade, os dereitos de todos e todas, a diversidade de voces, o diálogo.

3

Propor alternativas e/ou peticións que promovan o respecto, unha convivencia pacífica, a diversidade de voces ante un mesmo tema e contornas inclusivas e seguras para todas as persoas.

Peche: síntese didáctica

O alumnado comprende que o contorno dixital forma parte da súa vida cotiá e que o seu xeito de participar nel ten un impacto directo na convivencia. A través da análise e da transformación de mensaxes, recoñece que a cultura de paz non é un concepto abstracto, senón unha forma concreta de actuar baseada no respecto, a empatía e a responsabilidade.

Avaliación

A avaliación oríentase a valorar non só a adquisición de coñecementos, senón o desenvolvemento de actitudes e competencias sociais. Préstase especial atención á capacidade do alumnado para analizar situacións reais, posicionarse de forma crítica e propor alternativas baseadas na cultura de paz, a través dos seguintes instrumentos e criterios:

Instrumentos

- Observación do traballo en grupo
- Ficha de análise
- Producións do alumnado
- Participación
- Autoavaliación.

Criterios de avaliación

O alumnado:

- Identifica discursos de odio
- Analiza criticamente mensaxes
- Comprende o seu impacto
- Propón respostas non violentas
- Participa activamente
- Respecta a diversidade.

Gustaríache compartir os resultados da aula?

Envíanos o material (fotos, vídeos e resumo da actividade)
a comunicacion@sedongd.org.

*Dende ONGD SED, publicaremos os traballos nos nosos canles só co obxectivo de
facer viral a paz e facer visible o impacto da campaña.*

Avalía o material!

Envíanos a túa opinión a través del seguinte [formulario](#).

*Dende a ONGD SED, trataremos os
datos só co fin de avaliar o impacto
da campaña, identificar e valorar as
posibilidades de mellora para
futuras accións.*

